



Recomendación ao Concello de Santiago de Compostela para que se acurten os tempos de resposta dos recursos presentados e se proporcione información detallada ás persoas obrigadas tributarias en caso de embargo

Expediente: L.8.Q/12561/16

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Sr. Alcalde:

Como coñece, nesta institución mediante escrito de queixa, compareceu D. ..., en nome e representación de ...S.L.P, con NIF....., relativa á falta de resposta a un recurso presentado no concello ao que nos diriximos.

ANTECEDENTES

1. Con data 17 de xuño (R.S. 6603 /16) admitiuse a trámite a queixa referenciada solicitando a nosa intervención. No escrito, esencialmente, se indicaba que presentarán en data 10 de xuño do 2015 na oficina de atención ao contribuínte do Concello de Santiago de Compostela un recurso administrativo, e que transcorrido xa un ano, aínda non obtiveran resposta.

Sinalaban e documentaban que o día 3 de xuño do ano 2015 recibiran unha comunicación postal da entidade bancaria *La Caixa*, na que se daba conta da retención nos seus depósitos por un importe de 641,11 euros, por orde do concello de Santiago de Compostela.

O embargo era orixinado por débedas administrativas ou fiscais en vía de constrinximento e se transcorridos 20 días naturais dende a data da retención, o organismo citado non ordenaba a suspensión do embargo, farían efectivo o importe retido.

O 24 de xuño do 2015 se daba efectividade ao embargo polo importe antedito.

Manifestaba o reclamante non ter recibido ningunha notificación formal do inicio do expediente e que cando ao recibir a carta do banco e se dirixiran á oficina de atención ao contribuínte, lle indicaran que o embargo fora debido ao impago dos recibos do imposto de vehículos de tracción mecánica correspondentes aos exercicios 2010,2011,2012 e 2013 do vehículo matrícula GRT e aos exercicios 2011,2012 e 2013 do vehículo matrícula FPV.

Ao preguntar o motivo da non recepción das notificacións lle informaron que figuraba o seguinte enderezo : Tránsito da Mercé, 1. 15703 Santiago de Compostela.

Segundo o reclamante era incorrecto pois correspondería Praza da Mercé, 1. 15706 Santiago de Compostela, que era o enderezo que figuraba tanto na *Dirección General de Tráfico-Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña*, Oficina local de tráfico de Santiago de Compostela, como na *Agencia Tributaria* e na tarxeta de identificación fiscal da razón social ...S.L.P, (de ámbolos dous extremos se aportaban os correspondentes certificados que tamén foran xuntados ao recurso sen resolución).

2. Ao considerar que a queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, e que atopaba cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

3. En data 17 de xuño solicitouse informe a este Concello que houbo de ser reiterado un mes despois, o 19 de xullo. Con data 1 de agosto finalmente se recibe o preceptivo informe e máis unha copia da totalidade do expediente.

4. No informe de resolución interno, na consideración segunda se fai constar expresamente o seguinte : “A débeda consta cobrada na súa totalidade mediante embargo de contas correntes, traba bancaria con data 3 de xuño de 2015, por un importe total de 641,11 euros, que inclúe importe principal, recargo de constrinximento e xuros de mora.”

5. No informe correspondente ao recurso de reposición de data 16 de xuño do 2016, se constata que as débedas reclamadas correspondíanse a recibos de padrón con inicio e fin de cobro en período voluntario de carácter colectivo, que neste caso publicáronse no Boletín Oficial da provincia e que a maiores esa administración local remitira por correo ordinario os recibos correspondentes a cada período impositivo.

6. Así mesmo se indican as diferentes datas de publicación no Boletín Oficial da Provincia que se corresponden coas seguintes : 20 de setembro do ano 2010 para un recibo do ano '10; 21 de maio de 2012 para 2 recibos do ano '11; 6 de agosto de 2012 para outros 2 recibos do ano '12 e finalmente 20 de novembro de 2013 para dous recibos de ese mesmo ano '13.

En todos estes casos se reflicte que tras reiterados intentos frustrados de notificación individual a través do servizo de Correos os resultados foron sempre e en tódolos casos “descoñecido”.

7. Resta salientar que se fai mención no referido informe a que se fixera unha dilixencia de embargo de contas correntes trabada na entidade Caixabank co resultado de cero euros trabado, publicado no BOP de A Coruña de 7 de novembro do 2011 e outra, na mesma entidade e como xa quedou exposto, de data 3 de xuño do 2015 co resultado de importe trabado 641,11 aplicado do seguinte xeito (469,30 euros de principal, 93,86 euros de recarga ordinaria de constrinximento e 77,95 euros de xuros de mora).

8. Así as cousas, en data 6 de outubro diríxese ao Concello de Santiago de Compostela nova comunicación solicitando informe aclaratorio complementario, toda vez que no informe de resolución interno, consideración segunda, faise constar que “a débeda cobrada mediante embargo de conta corrente o foi por importe de 641,11 € incluíndo principal, recargo de constrinximento e xuros de mora”.

Polo antedito, de novo solicitamos a ese Concello que nos remitira :

- a) Información detallada co desglose correspondente a cada un dos sete recibos con indicación de principal, porcentaxe de recargo de constrinximento, xuros de mora, tipo de interese aplicado a cada un dos recibos e datas para o cálculo dos mesmos.
- b) Por outra banda, no informe proposta ao recurso de reposición interposto pola representación de S.L.P..., se fai constar que “os intentos frustrados de notificación individual se realizaron no enderezo Trans da Mercé, 1, 15703, Santiago de Compostela, que é o enderezo que constaba nesta Administración dende o ano 2009.

A este respecto interesamos que no informe complementario solicitado se indicara, a procedencia do referido dato do enderezo.

Chegados ao 16 de novembro e transcorrido amplamente un mes, se requiría novamente a aportación do antedito informe complementario. Non foi ata o 25 dese mes que finalmente foi incorporado ao expediente.

O contido do mesmo será a base do apartado segundo da recomendación que formularemos.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada polo promotor deste expediente e do que se manifesta nos informes da administración que foron incorporados ao longo do tempo da tramitación do expediente, cómpre facer as seguintes consideracións que estarán articuladas en dúas vertentes.

1. Por unha banda, sinalaremos que a propia administración local competente coincide co manifestado polo promotor da queixa no seu escrito inicial, no que atinxe ao “notorio retraso” na resolución do recurso interposto que é xustificada por esa administración “pola carga de traballo e a insuficiencia de persoal”. (vid. informe de resolución interno consideración cuarta).

Consideramos cumprida, neste particular, a invocación dos artigos 2, 6 e 85 bis 2 apartado f) da *Ley 7/ 1985 reguladora das Bases del Régimen Local* no relativo á conformidade cos principios de eficacia e eficiencia; o artigo 133 apartado f polo que atinxe aos criterios de xestión económica-financeira e o artigo 137 do mesmo texto legal, no relativo ao principio de celeridade.

É precisamente este funcionamento da administración máis próxima á cidadanía con ritmo anormalmente lento ou incorrecto o que motivará que formulemos a recomendación que máis adiante se concretará e que se baseará non só no respecto a eses principios de eficacia, eficiencia e celeridade propios dunha administración local de calidade, senón tamén no respecto a axilidade con que a administración debe tratar as peticións ou demandas da súa veciñanza.

A modo de síntese :

O recurso de reposición é presentado o 10 de xuño do 2015; o 13 de xuño do 2016, un ano despois, se interpón a queixa por non ter o administrado a resolución ao recurso, e o 1 de agosto se recibe no rexistro desta Institución o informe que lle fora solicitado ao Concello de Santiago dous meses antes no que se da conta da resolución dada ao recurso.

2. Por outra, salientaremos o que semella ser compatible con certa inacción por parte do Concello de Santiago de Compostela, no relativo ao desenvolvemento das funcións de recadación e inspección, toda vez que a primeira dilixencia de embargo trabada o 7 de

novembro do 2011 o foi co resultado de importe trabado cero euros, é dicir o resultado do embargo foi negativo, e non é ata o 3 de xuño do 2015 na que se traba o antedito embargo por importe de 641,11 euros; isto é case catro anos despois.

Os datos sinaladas, por si só puideran xa evidenciar un funcionamento incorrecto ou anormal, tanto do servizo de recadación como do de inspección, polo que non imos afondar máis nesta problemática.

Cómpre clarexar, sen embargo, que si a administración con competencias practicou outras actuacións, non constan as mesmas acreditadas, nin no informe preceptivo que nos foi remitido, nin na copia do expediente facilitado.

Especial atención, merece así mesmo e a criterio desta Institución, o feito de que non foi ata que continuando co desenvolvemento das funcións de investigación que nos son propias, requirimos a información complementaria, aclaratoria e desglosada, que puidemos coñecer con exactitude a cantidade correspondente a principal, recarga e xuros de cada un dos diferentes sete recibos.

Consideramos que a lei 19/2013 de *Transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno* e a propia lei galega 1/2016 de *Transparencia e bo goberno*, han ser inspiradoras de todas cantas actuacións practiquen as diferentes administracións públicas, pois só deste xeito se garantirá debidamente a tutela das liberdades e dos dereitos individuais.

É por isto, que a actuación da administración local neste suposto non semella moi compatible co espírito de ámbalas dúas leis, nin coas demandas coñecidas da sociedade actual.

3. Chama tamén a atención, que a pesar dos intentos frustrados de notificación individual no enderezo Trans da Mercé 1, dende o ano 2010, co resultado de “descoñecido”, a administración persista na notificación no mesmo enderezo no ano 2011, no 2012 e no 2013, (con idénticos resultados infrutuosos), pois tratándose dunha persoa xurídica, máis eficiente tivera sido e máis acorde a unha administración de calidade, verificar o domicilio social tanto na Axencia Tributaria coma no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

Si ben é certo que a administración a quen diriximos esta recomendación, facendo uso da potestade (non obrigación) prevista no art. 48.4 da Lei 58/2003 *General Tributaria*, (“*cada administración podrá comprobar y rectificar el domicilio fiscal declarado por los obligados tributarios en relación con los tributos cuya gestión le compete con arreglo ...*”), puido ter coñecemento do enderezo correcto do interesado, de xeito que se aforrara as diferentes

notificacións infrutuosas que practicou ao longo dos diferentes anos, tampouco o é menos, que o erro no enderezo orixinouse no momento en que cursaron alta no padrón os dous vehículos en cuestión.

Partindo do dato de que a práctica da notificación non se puido efectuar de xeito persoal, no domicilio declarado coas altas dos vehículos, correspondería que a Administración tentara alo menos averigualo.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte recomendación:

1. Que valore a conveniencia de darlle efectividade á autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, de xeito que se redobren esforzos dentro do marco orzamentario e de persoal, para que en aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e celeridade, se adopten as medidas pertinentes para acurtar os tempos de resposta aos recursos presentados.

2. Que nos embargos que se practiquen se dea cumprida información ás persoas obrigadas tributarias, das cantidades correspondentes a principal, porcentaxe de recargo de constrinximento, xuros de mora e tipo de interese aplicado a cada un dos recibos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo